



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



17 de outubro de 2013. Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN **PRIORIDADE 1: POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL**

14 de outubro de 2013. 17 horas.

Vestíbulo principal Parlamento de Galicia

“¡Eu non estou en situación de exclusión social. A min non me exclúe ningún!”

Así se expresaba Yosehanna, unha das participantes no IV Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva celebrado en xuño do 2013 e no que contamos coa presenza do Valedor do Pobo e de varios deputados e deputadas deste Parlamento.

Unha opinión compartida polo resto de persoas que participaron neste encontro, pertencentes todas elas a colectivos que sofren pobreza ou exclusión social, e unha expresión de dignidade semellante a que as ONG adicadas á cooperación ao desenvolvemento teñen escoitado en moitos lugares do mundo.

No Ano Europeo da Cidadanía, 662.515 galegos e galegas atopábanse a comezos do 2012 en risco de pobreza ou exclusión social, o 23% de toda a poboación.

1.300 millóns de persoas viven actualmente en situación de pobreza extrema no mundo, e case mil millóns pasan fame. Nun planeta no que, segundo a FAO, 1.300 millóns de toneladas de alimentos son tiradas ao lixo cada ano.

Unha elevada proporción destas persoas teñen algunha discapacidade. En Europa o 65% das persoas con discapacidade están na pobreza. Especialmente de seren mulleres, cunha taxa de pobreza extrema que triplica ao do resto da poboación, e un 40% mais alta que a dos homes con discapacidade, o dobre se son maiores de 60 anos.

O 17 de outubro será o Día Internacional para a Erradicación da Pobreza e hoxe temos a oportunidade, grazas á boa disposición da Presidenta e do seu equipo, de presentar esta exposición fotográfica que percorrerá Galicia nos vindeiros meses e que está chea de persoas que non se rinden, que aposta pola imaxe como motor de inclusión social, por facer visibles situacións de exclusión social ante a cidadanía galega e ante os poderes públicos, **poñendo as persoas mais vulnerables no primeiro plano da axenda política.**



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



Non cremos na división entre pobres de aquí e pobres de alá, porque a pobreza non é unha competición retorcida e non é peor pasar fame nas rúas de Compostela que nas de Nairobi; nin cremos nunha “*riqueza que empobrece*”, o noso lema o 17 de outubro. Sabemos con orgullo que tampouco o cre o noso Parlamento asumindo por unanimidade na súa Declaración Institucional do 14 de outubro de 2010 o **Manifesto por unha Cidadanía Inclusiva**.

“*Somos persoas dispostas a coñecer e exercer os nosos dereitos*” dise ao comezo dun Manifesto aínda vixente como tamén o son as conclusións das persoas reunidas no citado Encontro de Cidadanía Inclusiva, **rexeitando calquera tipo de asistencialismo ou volta á beneficencia**, e reafirmando os seus dereitos:

Temos dereito a un nivel de vida axeitado. A ter cubertos os dereitos básicos (vivenda, emprego ou renda básica, saúde e educación)

Temos dereito á saúde. Non é un privilexio nin se debe deixar ao criterio da solidariedade

Temos dereito á educación. Non so coñecementos teóricos, senón tamén competencias persoais que nos permitan formarnos como persoas e garantir a consecución dun traballo.

Temos dereito á xustiza. A que se defendan os nosos lexítimos intereses sen privilexio nen discriminación por razóns económica, de raza, xénero ou circunstancias.

No 2012, os programas desenvolvidos dende as 108 organizacións galegas de acción social integradas en EAPN beneficiaron a máis de 453.000 persoas, grazas ao traballo, remunerado ou voluntario de 5492 profesionais.

No 2013, as máis de 41.000 persoas que son socias, voluntarias e/ou traballadoras das 46 ONGD integradas na Coordinadora Galega, continuaron traballando pola erradicación da pobreza e defendendo os dereitos humanos de nenos e nenas, mulleres, homes e pobos indíxenas, de países como Perú, Bolivia, Honduras ou Guinea Bissau.

Por iso faise necesario artellar un **Dialogo Civil**. Do mesmo xeito que cando hai problemas noutros sectores económicos se dialoga coas empresas especializadas,



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



cando se fala de pobreza deberíase falar coas persoas que están nesa situación e coas organizacións que as representan.

Tamén é necesario lembrar a resolución unánime deste Parlamento, en maio do 2010, sobre o impulso ás **cláusulas sociais na contratación pública**, recoñecendo así o valor engadido do sector non lucrativo na prestación de servizos sociais, por riba dos intereses meramente lucrativos da empresa privada non especializada.

662.515 galegos e galegas. Mais de 1300 millóns de persoas en todo o mundo, moitas delas con algunha discapacidade.

Nos vindeiros días celebraremos o Debate sobre o estado da Autonomía e se votará a nova Lei de Inclusión. Nesta exposición os nosos representantes teñen o seu argumentario: **Prioridade 1: Pobreza e Exclusión Social**

Mais Información (medios):

EAPN Galicia. Xosé Cuns 698 127 110

Coordinadora Galega ONGD. Helena Capera Tel. 981 58 51 89 - 618 626 627